

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR E LIBROS (ESO - IES RÍO MIÑO RÁBADE) PARA O CURSO 2026-2027

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Se ben a competencia propias dos concellos en materia de educación en xeral, e da etapa obrigatoria en particular, son as recollidas no art.25.2.n) da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, poden desenvolver accións de fomento coa fin de complementar as concretas políticas autonómicas neste campo, facilitando así o acceso á educación dos veciños do municipio, especialmente os que dispoñen de menor nivel de renda.

I. OBXECTO

É obxecto destas bases a regulación da convocatoria de axudas do Concello de Begonte para a escolarización na etapa obrigatoria para o curso 2026-2027.

As axudas que se convocan son as seguintes:

- Axudas cunha contía de ata 150,00 € cada unha para educación infantil e primaria, para os cursos de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO, para material escolar, e **excepcionalmente** para libros de texto dos cursos 1º, 2º, 3º e 4º da ESO do instituto **I.E.S Río Miño de Rábade** (implantaron **E-Dixgal**), que utilizarán libros non subvencionados por Xunta (departamentos de ciencias/bioloxía, Inglés, Francés, Lingua castelá e galega, Portugués 2ª lingua e Música), co compromiso de devolvelos o final do curso para que queden no Banco de Libros do instituto.

Enténdese por material escolar: fichas de traballo de educación infantil, mochilas, cadernos, dicionarios e outros materiais directamente relacionados co desenvolvemento das actividades formativas escolares.

Dispónse de crédito axeitado e suficiente na aplicación 334.480 do orzamento municipal para o exercicio 2026, polo importe de 4.000 €.

II. BENEFICIARIOS

- Poderán ser beneficiarios das axudas convocadas, os alumnos matriculados no C.E.I.P. Virxe do Corpiño de Begonte, no curso escolar 2026-2027, estén ou non empadroados no municipio.
- A estes efectos, os alumnos de Educación Infantil e Primaria de Saavedra e Uriz, escolarizados en Rábade, considéranse matriculados ou, no seu caso, procedentes do Colexio Público de Begonte.
- Tamén terán a consideración de beneficiarios os alumnos **empadroados** en Begonte que cursen estudos no I.E.S Río Miño de Rábade ou



noutros centros educativos públicos ou concertados, no curso académico 2026-2027.

III. REQUISITOS E BAREMO

1º Aos efectos de poder solicitar estas axudas aplicaranse os umbrais de renda que se fixan a continuación, a renda familiar no ano 2025, non debe superalos seguintes umbrais máximos:

- Familias de 1 membro: 8.843,00 €
- Familias de 2 membros: 13.264,00 €
- Familias de 3 membros: 17.685,00 €
- Familias de 4 membros: 22.107,00 €h
- Familias de 5 membros: 25.644,00 €
- Familias de 6 membros: 29.181,00 €.
- Familias de 7 membros: 32.718,00 €
- Familias de 8 membros: 36.255,00 €

A partir do oitavo membro, engadiranse 3.536,00 € por cada membro computable.

2º Determinación da Renda Familiar

Existen dúas modalidades de unidade familiar:

- En caso de matrimonio (**modalidade 1ª**):

A integrada polos cónxuxes non separados legalmente e, se os houber:

1. Os fillos menores, con excepción dos que, co consentimento dos pais, vivan independentemente destes.
2. Os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos a patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

A maioría de idade alcánzase aos 18 anos.

- En defecto de matrimonio ou nos casos de separación legal (**modalidade 2ª**):

A formada polo pai ou a nai e a totalidade dos fillos que convivan cun ou outra e reúnan os requisitos sinalados para a modalidade 1ª anterior.

Da regulación legal, a efectos fiscais, das modalidades de unidade familiar,



poden extraerse as seguintes conclusións:

- Calquera outra agrupación familiar distinta das anteriores non constitúe unidade familiar a efectos do IRPF.
- Ninguén poderá formar parte de dúas unidades familiares ao mesmo tempo.
- A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente o día 31 de decembro de cada ano.
- Por tanto, se un fillo cumpriuse 18 anos durante o ano, xa non formará parte da unidade familiar nese período impositivo.

A renda familiar a efectos de beca ou axuda se obterá por agregación das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteña ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. A efectos das becas e axudas o estudo do curso 2026-2027, se computará o exercicio 2025 da seguinte maneira:

- Para a determinación da renda dos membros computables que haxan presentado declaración polo Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas ano 2025 se sumará a base imponible xeral (casa 435 da declaración da Renda do ano 2025) coa base imponible do aforro (casa 460 da declaración da Renda do ano 2025) e se resta a cota resultante deste resultado da declaración (casa 595 da declaración da Renda do ano 2025).
- Para a determinación da renda dos demais membros computables que obteñan ingresos propios e non haxan presentado declaración polo Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas se seguirá o procedemento descrito na letra a) anterior e do resultado obtido se restarán os pagos a conta efectuados.

3º Terán preferencia, para a adxudicación das axudas, os alumnos nos que concorran algunha das seguintes circunstancias pola orde de prelación que se indica:

- Ser orfos absolutos.
- Pertencer a familias no que algún dos membros estea afectado de minusvalía legalmente recoñecida.
- Pertencer a familias nas que o pai /nai /titor se atope en situación de desemprego ou sexan pensionistas.
- Pertencer a familias numerosas.



- Pertencer a familias nas que o pai , nai ou titor sexa viúvo, solteiro/-a, divorciado ou separado legalmente ou de feito.

As axudas restantes adxudicaranse por orde das rendas per cápita (renda familiar entre número de membros) partindo das máis baixas. Non se poderá, en ningún caso, exceder a cantidade destinada a esta convocatoria.

Si unha vez outorgado as becas polo importe antes mencionado, resultara sobranse unha cantidade que non fose suficiente para a seguinte solicitude en orde de renda, esta axuda poderá ser de menor contía.

IV. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO

O outorgamento das axudas ten carácter regrado, en réxime de concorrencia competitiva. O outorgamento das axudas, dentro dos límites orzamentarios, virá dado exclusivamente pola acreditación do cumprimento dos requisitos establecidos nestas bases.

O prazo para ditar e notificar a resolución do procedemento será de tres meses dende o seguinte ó do remate do prazo de presentación de solicitudes, considerándose desestimadas por silencio administrativo se no prazo antes sinalado non se notificara a resolución definitiva das solicitudes.

1. As solicitudes deberanse formular no formulario que a tal fin lles será facilitado **Anexo I**:
 - a. No respectivo Centro docente.
 - b. Nas oficinas municipais.
 - c. Na páxina web <http://www.concellodebegonte.es/gl/actualidade/14>
 - d. Na sede electrónica do Concello de Begonte <https://begonte.sedelectronica.es/dossier.1> (trámite Axudas de material escolar).
2. A presentación de solicitudes poderanse realizar nas oficinas municipais, na sede electrónica do Concello de Begonte <https://begonte.sedelectronica.es/dossier.1> (utilizando calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos pola sede electrónica do Concello de Begonte) ou a través doutra das maneiras establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas acompañadas da seguinte documentación:
 - Anexo I Solicitude asinado.
 - Declaración xurada das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade e dos demais extremos, de acordo co modelo do



Anexo I (continuación).

- Fotocopia dos DNI dos pais ou titores (non esixible se se presentou convocatoria anterior).
 - Fotocopia do libro de familia (non esixible se se presentou en convocatorias anteriores e non houbo cambios).
 - Documentación acreditativa dos ingresos da unidade familiar: declaración IRPF do ano 2025; senón se presentou, certificación imputacións do IRPF, certificación pensións, etc.
 - Factura orixinal acreditativa do gasto realizado (non tickets), emitida entre agosto 2026 e o día de finalización do prazo presentación solicitudes.
 - Si é o caso, xustificar documentalmente calquera das situacións específicas que se marcaron no Anexo I (non esixible se se presentou en convocatorias anteriores e non houbo cambios).
 - Certificación do número de conta bancaria que inclúa o IBAN.
3. O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días naturais, a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Lugo.
4. O estudo das solicitudes presentadas farase por unha comisión de avaliación integrada por:
- Presidente: Alcalde- Presidente do Concello ou persoa en que delegue.
 - Vogais:
 - Concelleiro/a delegado/a por razón da materia ou persoa en que delegue.
 - Secretario: o da Corporación ou persoa en quen delegue.
5. A concesión das correspondentes axudas realizarase por Resolución da Alcaldía, logo da proposta motivada da Comisión avaliadora.
6. O pagamento da subvención concedida farase efectivo aos beneficiarios unha vez resolta a concesión das mesmas.

V. COMPATIBILIDADE

A concesión destas axudas será compatible con calquera outro tipo de becas ou subvencións concedidas para a mesma finalidade, sempre que a contía de tódalas axudas percibidas non supere o importe dos gastos realizados. De superarse, reducirase a contía da axuda do Concello no importe que exceda.



VI. DISPOSICIÓNS FINAIS

1. En todo o non disposto na presente convocatoria haberá que aterse ó disposto na lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, e demais normativa que lle sexa de aplicación.
2. Proceder así mesmo á súa convocatoria mediante a comunicación á [Base de Datos Nacional de Subvencións \(BDNS\)](#) o texto da convocatoria, esta dará traslado o Boletín Oficial de Lugo dun extracto, publicación no Taboleiro de Anuncios nas oficinas municipais, na páxina web <http://www.concellodebegonte.es/gl/actualidade/14> e no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Begonte <https://begonte.sedelectronica.es/info.1>, a efectos de cumprimento do requisito de publicidade.

En Begonte,
O Alcalde: José Ulla Rocha.





PROCEDEMENTO:		DOCUMENTO			
AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR E LIBROS (ESO IES RÍO MIÑO)		Anexo I SOLICITUDE			
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (Pai/nai ou titor do alumno/a)					
Apelidos		Nome:	Dni/NIE:		
Enderezo:		Concello:			
Provincia	Código postal	Teléfono:	Correo electrónico:		
☐ Autorizo ao Concello de Begonte para que me informe mediante comunicación electrónica, al correo electrónico, indicado do estado desta solicitude.					
DATOS DO/DA NENO/A OU NENOS/AS PARA OS QUE SOLICITA A AXUDA					
Nome e apelidos		Curso	Nome do centro		
DATOS DA UNIDADE FAMILIAR (membros da familia que residen no mesmo domicilio)					
NIF	Nome e apelidos	Parentesco	Data nacemento	Estado civil	Profesión ou estudos
		Pai			
		Nai			
SITUACIÓNS ESPECÍFICAS (marcar cunha X se corresponde) aportar documentación que acredite.					
☐ O/A alumno/a é orfo absoluto/a.			☐ Pertence a unha familia numerosa		
☐ Algún dos membros da unidade familiar está afectado por unha minusvalía legalmente cualificada			☐ O pai ou a nai é viúvo/a, solteiro/a, separado/a ou divorciado/a (non esixible si se aportou o ano anterior).		
☐ O pai ou a nai está en paro ou é pensionista					
DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA (marcar cunha X)					
☐ Fotocopia dos DNIs dos pais ou titores (non esixible se se presentou na convocatoria anterior).					
☐ Fotocopia do libro de familia (non esixible se se presentou na convocatoria anterior e non houbo cambios).					
☐ Declaración xurada das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade e dos demais extremos, de acordo co formulario Anexo I (continuación).					
☐ Fotocopia declaración IRPF ou certificación imputacións do IRPF (se non hai obriga de presentala).					
☐ Factura orixinal acreditativa do gasto realizado.					
☐ Certificación do número de conta bancaria que inclúa o IBAN					
DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:					
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE					
☐ Postal (cubrir só se é distinto do indicado anteriormente).					
Enderezo:		Concello:		Código postal:	
☐ Electrónica. Só se podera acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.					
Teléfono móbil:		Correo electrónico:			

Praza dos Irmáns Souto Montenegro, 1 – 27373 Begonte, Lugo
www.concellodebegonte.es

Tfno.: 982 396 143
info@concellodebegonte.es





Anexo I (continuación)
DECLARACIÓN XURADA AOS EFECTOS DE SOLICITAR AS AXUDAS PARA
MATERIAL ESCOLAR e Libros ESO

D./D^a. _____ con DNI _____ en calidade de
pai/nai ou titor de _____

DECLARA BAIXO XURAMENTO QUE (no punto 1 marcar a que corresponda):

1. ☐ NON solicitou e/ou recibiu subvencións ou axudas doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, para a mesma finalidade.
- ☐ SI solicitou e/ou recibiu subvencións para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes, e as relacións a continuación:

ORGANISMO ENTIDADE PÚBLICA Á QUE LLE FOI SOLICITADA A AXUDA	DESCRIPCIÓN DA AXUDA E CONCEPTO	ESTADO ⁽¹⁾	IMPORTE (€)

(1) No caso de estar pendente da resolución dalgunha solicitude, indicárase **PENDENTE**. No caso de solicitudes concedidas, indicárase **CONCEDIDA**

2. Que está ao corrente das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e co Concello de Begonte.
3. Non está incurso/a en prohibición para obter a condición de beneficiario da subvención conforme ao establecido no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Consentimento e Deber de Informar aos Interesados sobre Protección de Datos (marcar):

- ☐ Fun informado de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas.
- ☐ PRESTA O SEU CONSENTIMENTO para que a entidade realice consultas dos datos do solicitante/representante a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interoperables.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

_____ a _____ de _____ de 202_____

